

Adaptación audiovisual
do alumnado
do CPI de Xanceda

Cando eu nacín

Título: Cando eu nacín

Autores: Eva Castro Blanco e Francisco Ávila Sánchez

Centro: CPI de Xanceda-Mesía (A Coruña)

Sinopse:

Trátase dun proxecto de innovación educativa integrado na área de educación artística que pretende o desenvolvemento das competencias dixitais e artísticas do alumnado. Consiste na conversión ao formato audiovisual dun conto empregando diversas técnicas para o alumnado de infantil e primaria.

Campo de traballo:

Educación Infantil e Primaria. Área de Educación Artística (Plástica)

Categoría 1 Modalidade B

Premios á innovación educativa segundo a orde do 13 de setembro de 2010 (DOG do 21 de setembro)

ÍNDICE

2	Portada
3	Índice
4	Guía didáctica
4	Xustificación
8	Descrición
8	Temporalización. Organización de espazos e tempos.
10	Metodoloxía
11	Obxectivos
12	Contidos
13	Plan de avaliación (Indicadores e incidencia na práctica educativa)
14	Actividades
24	Futuro
25	Mecanismos establecidos para a coordinación
26	Bibliografía citada

GUÍA DIDÁCTICA

Polas características no noso proxecto pensamos que a mellor orde para expoñelo é esta que seguimos, que aínda que trata os mesmos puntos cos esixidos na convocatoria, non segue a mesma orde estrita polo ben da súa mellor comprensión.

Xustificación

A continuación realizamos un breve resumo das características do noso centro que axudan a comprender en gran medida, as razóns deste proxecto. En pedagogía, entendemos, nada pode ser aprendido e aplicado dun entorno a outro, como se fora unha receita de cociña. Trátase máis ben dun conxunto de aproximacións, de idas e voltas ao redor deste tema da educación artística, que acabarían no que imos presentar aquí. Todo inflúe, o contexto xeográfico, lingüístico e económico; a tradición política e pedagóxica; a constitución de etapas, profesorado e alumnado do centro; a estabilidade, a empatía e a micropolítica dos grupos sociais e profesionais. Intentaremos desentrañar parte aquí, para que o proxecto se entenda o mellor posible, partindo da complexidade das institucións educativas e particularmente da nosa.

O noso centro está situado na parroquia de Xanceda, no Concello de Mesía (A Coruña). É unha zona eminentemente rural na que predominan explotacións agrícolas e gandeiras. O Concello conta cunha Biblioteca Municipal na Casa de Cultura, que é o outro punto cultural da zona, ademais do noso centro. Os habitantes de Mesía son galego falantes, case na súa totalidade.

É un centro con 16 unidades: 2 de infantil, 6 de primaria e 8 de secundaria. Hai comedor e transporte, que utilizan practicamente a totalidade do alumnado, que da idea da dispersión da poboación da zona.

Durante o curso 2009/2010 houbo 19 alumnos/as en educación infantil, 96 en educación primaria e 83 en secundaria. Por conseguinte, 198 alumnos/as en total, dos que 115 (infantil y primaria), participaron neste proxecto.

O proxecto que a continuación especificase con detalle, parte dunha situación e una tradición pedagóxica no centro que explica a súa realización. Conxuga a tradición do centro no traballo cos medios audiovisuais e as novas tecnoloxías, e o esforzo por mellorar a nosa competencia profesional na área de educación artística. Para nós, a integración dos medios audiovisuais e das tecnoloxías da información e a comunicación no noso quefacer dunha maneira consciente, máis aló dunha percepción utilitarista dos medios, é unha tarefa relativamente nova. Pero non por iso deixa de ser importante a implicación da comunidade educativa no desenvolvemento dunha liña de traballo na que levamos inmersos xa varios cursos. Igual ocorre co traballo en equipo, sistemático e de renovación didáctica e metodolóxica en relación coa educación artística.

Cómpre acompañar este documento co visionado do resultado, entendendo resultado como o produto final e non como o único que pretendiamos. De feito, os resultados deste proceso de ensino e aprendizaxe cremos modestamente que van algo máis alá dun vídeo de dez minutos.

Queremos de todas maneiras, antes de comezar co farragoso pero necesario detalle de obxectivos, contidos, etc; esbozar o colchón teórico sobre o que deseñamos e puxemos en práctica este proxecto, pois a creatividade, máxime neste contexto, está rifada en moitas ocasións coa improvisación.

Así,

- ✓ Intentamos destacar a dimensión comunicativa e creativa dos procesos artísticos. Outro tipo de dimensións da arte como o seu aspecto lúdico, de evasión, etc; tamén son importantes na formulación dos nosos traballos, pero queremos destacar e darlle este importante sesgo lingüístico ao deseño e realización das actividades. Intentar dotar ao alumnado dunha ferramenta comunicativa máis e que poida facelo ademais de maneira creativa, aproveitando o máximo de posibilidades doutros mecanismos que para eles non son tan comúns como o oral ou o escrito: a linguaxe audiovisual. A verdadeira comunicación implica participación, actividade, reflexión e práctica, e enmarcado no ámbito artístico, queremoslle dar unha intencionalidade ademais estética e creativa.
- ✓ Desde o punto de vista audiovisual temos a formulación de aprender a desentrañar os códigos que utilizan as mensaxes que nos rodean na actualidade, que nos intentan seducir con múltiples intencións, pero maiormente políticas e publicitarias. Esta constante presenza dos medios fai necesario co alumnado da sociedade actual, pensamos,

este preparado fundamentalmente para diferenciar a realidade do audiovisual, no sentido de Acaso, M. (2006), combatendo o "terrorismo visual" facendo un achegamento á produción de imaxes con intencionalidade, no noso caso, artística. Intentando por as imaxes dentro dos contextos de elaboración, distribución e recepción.

- ✓ Pensamos que non podemos ter unha visión reduccionista do fenómeno audiovisual intentando darlle as costas, senón en palabras de Marfil, R. (2008): << unha visión ampla e integradora no ensino dos medios audiovisuais, enmarcando estes no panorama xeral das artes visuais >>. O audiovisual ten un papel central na sociedade que non se corresponde co seu papel no currículo. Hai moitas voces que apelan por unha presenza máis central e non só transversal no mesmo. Os novos currículos son proba dunha aparición cada vez maior. Nós intentamos nesta área darlle unha importancia que cremos necesaria.
- ✓ A nosa intencionalidade non é a do mero adestramento tecnolóxico, senón como dicíamos comunicativa, para o que cómpre coñecer os instrumentos pero desde unha perspectiva creativa e funcional. No que podemos describir como unha alfabetización audiovisual. Como afirma Acaso, M.(2006), hai que aprender a ler as imaxes, xa que ver é algo superficial, ler significa ollar e comprender. Montoya, N. (2005), establece unhas pautas de análise que seguimos desde un punto de vista narrativo, visual e auditivo.
- ✓ Desde o punto de vista máis puramente artístico, poderíamos definir o noso achegamento a este mundo no sentido de Efland, Freedman e Stuhr (2003), como un intento de construír unha visión particular da realidade. Unha realidade e un concepto de arte diverxente, sen verdades absolutas, nin formulacións curriculares estritamente definidos. Intentando un achegamento multicultural, pluridisciplinar, no que Hernández, F. (2007), podería denominar como un achegamento posmoderno ás artes visuais. Xurde dunha atenta mirada ás novas demandas sociais e dun intento de resposta artística.
- ✓ Indagamos nas posibilidades expresivas artísticas dun formato como o vídeo, aínda que nesta ocasión sexa unha composición de varias técnicas, cuxa tradición e papel nas artes tradicionais é nova pero cada vez con máis proxección como podemos comprobar no resumo de Martín, S. (2008). Esta aproximación para o alumnado é realmente apropiada tendo en conta que a súa relación coas pantallas ten case

sempre uns compoñentes lúdicos e estáticos. Permítenos afrontar as posibilidades de transmitir mensaxes artísticas deste medio cos máis tradicionais.

- ✓ No terreo pedagóxico, como dicimos a propia natureza artística e creativa non se presta a unha xerarquización e estruturación estritamente disciplinar, nin a unha metodoloxía tradicional. Partimos do que poderíamos denominar como un currículo colaxe, tanto entre obradoiros, como no noso en particular. Unindo e compartindo técnicas, materiais, mensaxes. Desde unha visión máis clásica do ensino e os modelos artísticos a unha máis moderna ou posmoderna.
- ✓ Relacionado co didáctico está a pretensión de potenciar a creatividade do alumnado, polo que por veces se rompe a fronteira entre os que ensinan e os que aprenden. Así non só toleramos senón que provocamos a incerteza, nun ambiente de diálogo en que intentamos que teñan a suficiente confianza en si mesmos, nun clima onde se poida vencer o medo ao ridículo e cometer erros. Consideramos que unha sociedade como a actual necesita de persoas creativas non só para adaptarse ás necesidades laborais dos empregos actuais, senón para adaptarse mellor ás incertezas persoais e éticas, que este modelo social impón.
- ✓ Desta maneira intentamos utilizar as novas tecnoloxías, o software que normalmente é utilizado como inhibidor da creatividade, para todo o contrario. Pretendemos sacar o máximo partido das aplicacións informáticas no fomento da creatividade. Que nos permite romper coa concepción tradicional no mundo da arte de separar produción, distribución e exposición, que permite achegar artista e público.
- ✓ Esta concepción ten os seus riscos e non podemos ser alleos a eles, senón que temos que afrontalos na aula. O software como acceso ao audiovisual ten unhas claras repercusións na propiedade intelectual que debemos tratar na aula en profundidade.

Desde estas premisas teóricas ou pseudo teóricas afrontamos a concepción e desenvolvemento deste proxecto. A continuación explicamos a organización da educación artística no noso centro para despois debullar o feito en "Cando eu nacín".

Descrición

Cando eu nacín

Adaptación a formato audiovisual da tradución ao galego do conto portugués "Quando eu nascí" de Isabel Minhos Martins con ilustracións de Madalena Matoso. Editorial Planeta Tangerina.

Con autorización expresa.



Temporalización. Organización de espazos e tempos.

O proxecto levouse a cabo co alumnado de educación infantil e primaria. 115 alumnos e alumnas, que participaron en todas as súas fases en diferente medida: deseño, elaboración, edición e avaliación. O traballo foi realizado durante o horario de educación plástica que corresponde á área de educación artística (unha hora semanal).

O alumnado como veremos máis detalladamente a continuación está organizado por obradoiros. Polo que a contribución de cada un dos 115 alumnos/as ao proxecto é de catro sesións de 50 minutos.

Establécese unha hora semanal fixa común para todos os cursos en que se vai a impartir a materia. No noso caso venres a cuarta hora da mañá.

- ✓ Rómponse a estrutura curricular no sentido, de organizar diversos obradoiros relacionados con técnicas específicas que poidan dar complexidade e profundidade ao "temario ". No noso caso nove obradoiros de: modelado, reciclaxe, interpretación de obras de arte, pintura, papiroflexia, teatro, colaxe, debuxo e audiovisuais.
- ✓ Rompemos a estrutura por niveis, organizando ao alumnado en grupos de 12-15 alumnos/as do mesmo ciclo pero de distinto nivel.
- ✓ Facemos co alumnado pase por todos os obradoiros durante o curso, a razón de catro sesións en cada un deles.
- ✓ Dos obradoiros encárgase todo o profesorado de infantil e primaria, en moitas ocasións dúas persoas por obradoiro.
- ✓ Cámbianse os espazos, utilízase o exterior, outras aulas que non é a habitual.
- ✓ Compártense os resultados.
- ✓ Revisamos o currículo e construímos un propio. Elaboramos fichas informativas para o resto do profesorado co proceso de cada un dos obradoiros. Compramos bibliografía, traemos especialistas ao centro, discutimos.

En definitiva, pomos en valor de novo esta materia para profesorado, alumnado e familias. Neste contexto, no noso obradoiro de audiovisuais, polo que irán pasando nenos e nenas de entre 3 e 12 anos en grupos de 12 a 15, durante todo o curso propoñémonos levar a formato audiovisual un conto que coñecemos. Para isto o primeiro que facemos é unha tradución do texto e elixir unha parte do conto para cada grupo en función das características de cada un. Teñen catro sesións para crear unha pequena peza audiovisual, que calculamos de máis ou menos un minuto, con pretensión estética e comunicativa.

Metodoloxía

Imos relatar o proceso de cada unha das pezas pero metodoloxicamente hai fases comúns que podemos resumir así:

- ✓ Comezamos proxectando un escaneo do conto e léndoo. Recibimos ao alumnado na aula de audiovisuais coas luces apagadas e todo preparado para empezar o conto.
- ✓ Comentamos o conto, lemos e analizamos a parte do conto que nos toca.
- ✓ Facemos unha introdución sobre comunicación audiovisual e a intencionalidade deste tipo de mensaxes.
- ✓ Facemos a formulación para as restantes tres sesións: 2ª preparación, 3ª execución, 4ª edición e reflexión.
- ✓ Practicamos e analizamos a potencialidade do audio. Gravamos o audio.
- ✓ Proxectamos algunha peza que poida orientar ou dar ideas para a realización da nosa parte. A medida que ían pasando cursos se lles proxectaba algunhas das anteriores.
- ✓ Na fase de preparación, facíase unha reflexión conxunta de cal sería a técnica que nos proporcionaría unha mellor comunicación do texto que nos tocaba.
- ✓ Deseñabamos a gravación e repartiamos responsabilidades.
- ✓ Practicabamos a iluminación, o encadramento, o que cumprise en función da técnica elixida.
- ✓ Na execución, gravabamos, faciamos fotos ou o que cumprise co alumnado distribuído coas súas funcións propias.
- ✓ O último día falabamos sobre a fase de edición e na medida das súas posibilidades e da súa idade, realizaban este proceso.
- ✓ Finalizabamos cunha posta en común do resultado e unha análise de todo o proceso.

Ademais, propuxemos ao inicio destes obradoiros un currículo para o de audiovisuais que fomos completando e corrixindo ao longo destes anos.

Obxectivos

- 1º Xerar sensibilidade estética e creativa con respecto ás obras artísticas en formato audiovisual.
- 2º Desenvolver o xuízo crítico ante este tipo de mensaxes.
- 3º Indagar as posibilidades do audiovisual como medio de comunicación e utilizalo para expresar ideas e sentimentos.
- 4º Coñecer técnicas específicas desta linguaxe.
- 5º Aplicar coñecementos artísticos na análise de expresións artísticas audiovisuais.
- 6º Recoñecer as obras audiovisuais como fonte de coñecemento cultural.
- 7º Coñecer expresións artísticas do patrimonio cultural galego e doutros pobos.
- 8º Desenvolver unha actitude de respecto e xuízo crítico ante as producións propias e alleas.
- 9º Participar en producións cooperativas asumindo distintos roles.
- 10º Coñecer algunhas profesións neste ámbito.
- 11º Valorar e utilizar as intervencións artísticas no medio próximo.
- 12º Desenvolver a competencia dixital do alumnado achegándose progresivamente a un coñecemento das TIC como ferramenta para a comunicación.

Contidos

- Diálogo ante unha obra de arte. Análise cada vez máis complexo. Terminoloxía. Significados.
- Identificación de elementos artísticos nas obras.
- Normas de comportamento nos lugares dedicados ás manifestacións artísticas. Respecto e coidado do patrimonio.
- Identificación de características do patrimonio cultural galego e doutras culturas.
- Cores, formas, volumes, luces, materiais.
- Interrelación do corpo, voz e música no audiovisual.

	Educación Infantil	Primeiro ciclo	Segundo ciclo	Terceiro ciclo
Imaxe	A luz e a cor.	Observación e identificación de imaxes en contextos próximos.	Análise de imaxes identificando elementos (enfoque, simetría, repetición, distribución espacial, plano, xestos,...).	A intención comunicativa das imaxes nos medios.
Espazo		Achegamento ao espazo audiovisual.	As proporcións.	Puntos de vista, situacións no espazo.
Fotografía	Achegamento ao seu uso.	Uso en producións propias	Enfoques e planos. Para utilizar en textos, un álbum, fotonovelas, etc.	Realizar fotografías.
Recursos dixitais	Utilidade da tecnoloxía	Aproximación para a creación de obras.	Utilización de recursos informáticos e dos medios para a creación.	Para o tratamento de imaxes, deseño e animación, e difusión dos traballos realizados. Preparación de documentos propios de comunicación artística (carteis,...). Edición sinxela. Dereitos de autor.

Plan de avaliación

INDICADORES

Xerais	<p>Limpeza e coidado</p> <p>Orde</p> <p>Interese</p> <p>Creatividade</p> <p>Calidade das producións</p> <p>Respecto polo traballo</p>
Educación Infantil	<p>Valorar criticamente de maneira elemental dende o punto de vista dos contidos e da estética.</p> <p>Coñecer algunhas posibilidades das ferramentas tecnolóxicas.</p> <p>Planificar unha obra.</p>
Primeiro Ciclo	<p>Valorar obras utilizando términos sinxelos.</p> <p>Probar distintas posibilidades do medio.</p> <p>Realizar composicións con intencionalidade comunicativa.</p>
Segundo Ciclo	<p>Utilizar algúns términos precisos na descrición de obras.</p> <p>Identificar características plásticas dunha obra.</p> <p>Empregar instrumentos e técnicas adecuados ao produto que se pretende.</p> <p>Identificar obras propias do seu contorno e interpretar imaxes do mesmo.</p>
Terceiro Ciclo	<p>Formular opinións informadas sobre obras, apoiando o seu propio gusto con argumentos.</p> <p>Producir obras de forma cooperativa que impliquen, organización espacial, uso de materiais diversos e aplicación de diferentes técnicas.</p> <p>Representar de forma persoal ideas, accións e situacións.</p> <p>Buscar, seleccionar e organizar obras propias da nosa cultura e doutras.</p>

INCIDENCIA

Consideramos o proxecto en xeral como moi positivo, aínda que poderíamos destacar os seguintes aspectos:

- ✓ A nivel de contidos, pensamos que podemos pór o listón máis alto, que o alumnado superou as nosas pretensións na comprensión do fenómeno audiovisual, de coñecemento das TIC, no desenvolvemento de actitudes creativas e o sentido artístico. Podemos ser máis ambiciosos e revisar o currículo á alza.
- ✓ A nivel de experiencia. Poderíamos destacar que aínda que parecía arriscada nun principio, tendo en conta que como xa destacamos, carecemos de coñecementos técnicos, o traballo realizado e os resultados móstrannos que foi un acerto facer esta formulación. O concepto de adaptación dun conto a outro formato parécenos unha experiencia creativa de primeira magnitude.

- ✓ A nivel pedagóxico. Tal vez o forte da nosa proposta, é entender a educación artística desde este concepto organizativo e curricular. Sen entrar en máis detalles, poderíamos dicir que dotou dunha nova identidade ao noso centro e supón unha motivación moi importante para profesorado, alumnado e familias. Se este tipo de cambios veñen dados polas parcelas artísticas dos centros escolares, normalmente apartadas da vida cotiá, xa parece un acerto en toda regra. Trasladable e recomendable para calquera centro co desexe.

A continuación, presentamos o traballo realizado detalladamente con cada un dos grupos de traballo. Relatámoslos cronoloxicamente, tal como se fixeron, que non ten que ver coa liña argumental do conto.

Actividades

Obradoiro 1: Colaxe filmado. O sentido do gusto.



Alumnado de primeiro ciclo de primaria. Catro sesións.

O primeiro que tivemos que facer antes de empezar foi pensar que parte do texto íalle a tocar a cada grupo e en función diso decidimos a técnica que hai que utilizar, aínda que esta podía variar despois de reflexionalo con cada grupo e achegando eles/as novas ideas que nos parecía que melloraban o anterior. Previamente traducíramos o texto ao galego.

Con este alumnado decidimos facer unha colaxe grande, que respectase as cores e as formas das ilustracións do conto e en que introduciríamos fotos propias e de revistas que exemplificaran o texto.

Gravamos o audio despois de practicar moito para saber entoar e expresar ben o texto. Pretendíamos introducir sons onomatopeicos, incluso gravamos vídeos que pensabamos meter na colaxe, pero despois na fase de edición prescindimos dese material.

Practicamos coas cámaras de fotografía dixital, falamos de luz e enfoques. Fixeron as fotografías e pasámolas ao ordenador e imprimimos. Ollamos, recortamos de revistas e fomos construindo a colaxe. Gravamos o mesmo. Na fase de edición, proxectamos e comentamos este traballo co alumnado, facendo probas e probando con ideas que lles ían xurdindo. Era moi importante ao ser tan pequenos que entendesen o concepto do material audiovisual e o seu manexo.

Material: Seis cámaras de fotos dixitais, unha cámara de vídeo dixital, gravadora de audio, micrófono, ordenador, proxector, revistas, cartolinas, tesoiras, pegamento, cores.

Observacións: A non utilización dun trípode fai que teña moito movemento a transición pola colaxe. Aspecto que solucionamos posteriormente. Quedamos cunha versión da gravación e non puidemos repetir debido que a colaxe se estragou xa que unhas chuvias fortes provocaron que entrase auga onde o tiñamos gardado.

Obradoiro 2: Sombras chinescas sobre vídeo. Non sabía nada I.



Alumnado de segundo ciclo de primaria. Catro sesións.

Esta idea xurdiu a raíz de asistir co alumnado ao Museo de Arte Contemporánea Unión Fenosa na Coruña, onde había unha exposición que traballaba con sombras chinescas e que tanto ao alumnado coma ao profesorado nos encantou. O texto fala de todas as cousas que non coñecemos e do que podemos ir descubrindo. Pareceunos boa idea que sobre a proxección fixésemos sombras porque lle daba un certo sentido máxico e parecíanos que podía achegar grandiosidade aos soños.

Pensamos en facer nós mesmos as gravacións de imaxes pero non estaba na nosa man o acceso a estas "localizacións", así que pensamos utilizar vídeos libres de Internet, o que nos permitiu facer unha reflexión en profundidade sobre os dereitos de autor.

Gravamos o audio despois de moito practicar. Decidimos cales serían as imaxes, montamos o vídeo, fixemos unha morea de artefactos para provocar sombras. Proxectamos as imaxes e gravamos coas sombras.

Decidimos despois de que non aparecese o son orixinal dos vídeos. O último día editamos e reflexionamos sobre o feito.

Material: Cámara de vídeo, proxector, micrófono, gravadora de audio, cartolina, paus chineses.

Observacións: Técnica moi difícil pola dificultade, non de todo superada por nós, de que non saian as mans no plano. Os problemas para situar a cámara á distancia apropiada, case nos fai desistir.

Consideramos ca complexidade deste traballo provoca unha moi boa reflexión por parte do alumnado a nivel técnico.

O audio é de mala calidade e non sabemos que fallou realmente, pero a verdade é que concorda bastante ben coa textura das imaxes e case crea certo aspecto de ensoñación.

Obradoiro 3: Montaxe fotográfico. O sentido do olfato



Alumnado de segundo ciclo de primaria. Catro sesións

Parecíanos un reto para o alumnado e unha oportunidade grande de desenvolver actitudes creativas, o feito de intentar transmitir algo tan efémero e etéreo como os cheiros, cun formato estático e fixo como a fotografía.

Desde o punto de vista creativo resultou moito mellor do que pensabamos nun principio e as ideas agromaban a gran velocidade, o problema foi levalas á cámara, xa que o profesorado non temos formación específica en ningún ámbito do audiovisual e menos en fotografía. Decidimos co fariamos dentro da aula con luz artificial e iso supuña unha oportunidade de aprendizaxe moi grande para o alumnado pero unhas posibilidades de fracaso moi elevadas. Desta maneira este taller converteuse nunha gran experimentación con focos e atrezzo e o resultado non estivo mal. Tamén gravamos o audio a parte e practicamos na edición, que como é moi sinxela, o alumnado deste nivel xa a coñecía polo traballo con Movie Maker na clase de novas tecnoloxías.

Material: Cámaras dixitais de fotografía, trípode, tres focos, gravadora de audio, micrófono, elementos de atrezzo, ordenador.

Observacións: É unha actividade moi interesante para o traballo coa luz, tal vez a temática dos cheiros ata que non estivo ben centrado para o alumnado resultaba demasiado simbólica.

Obradoiro 4: Gravación en vídeo. O sentido do tacto.



Alumnado de terceiro ciclo de primaria. Catro sesións.

A idea deste vídeo non foi difícil levala a cabo cun alumnado que xa é maior e ten certa experiencia. Encantoulles e mellorárona sobradamente. A dificultade estivo en dúas cuestións: a parte técnica e a expresividade de mans e pés. Entenderon rapidamente o texto, practicamos o audio e gravamos. Preparamos a gravación en vídeo. Tivemos que practicar moito para dotar de certo sentido comunicativo a unhas partes do corpo, que aínda que transmiten moito normalmente, en especial, as mans, non estamos acostumados a facelo de maneira intencionada.

O guión non foi complicado de facer e eliximos as que considerabamos as mellores ideas de moitas. Na parte técnica o máis complicado foi elixir o enfoque e crear certo ambiente de irrealidade para o que era preciso un ambiente aséptico e a eliminación das sombras na medida do posible.

Material: Cámara de vídeo dixital, trípode, micrófono, gravadora de audio, focos, filtros, cartolinas, atrezzo.

Observacións: Sorprendeunos o tremendo pudor que tiveron a mostrar os pés en cámara por parte do alumnado

Obradoiro 5: Stop Motion. Non sabía nada II.



Alumnado de terceiro ciclo de primaria. Catro sesións.

Durante o curso anterior, a raíz de participar no programa "Audiovisual nas aulas", do Consorcio Audiovisual de Galicia, tivemos algunha aproximación a esta técnica, que lles encanta utilizar ao alumnado. É moi apropiada para comprender as vicisitudes do código audiovisual e para disociar a realidade da mensaxe. É fundamental para utilizar esta técnica que o alumnado sexa xa algo maior para que se poidan encargar con soltura do aspecto máis técnico xa que supón un traballo moi laborioso. Intentamos crear un ambiente estético que transmitise certa ensoñación. Traballamos ben o audio aínda que non supuxo dificultade para o alumnado. Outra cousa foi o tema da iluminación que resultou moi enriquecedor e que entenderon bastante ben. Xa traballaron o ano anterior con este tipo de software, polo que xa o coñecían e sabían facer algunhas cousas con el.

Material: Cámara de vídeo dixital, focos, decorados, micrófono, gravadora de audio.

Observacións: Ao non contar con demasiado tempo, non se poden utilizar todos os fotogramas por segundo que nos gustaría polo que o resultado nese aspecto deixa que desexar.

Obradoiro 6: Vídeo. Final.



Alumnado de terceiro ciclo de primaria. Catro sesións.

Ocorréusenos a idea de que para romper a aparente ensoñación do resto do traballo, podíamos afrontar o final, gravando as caras directamente dos nenos e nenas, e que isto podería dar bastante forza. Ademais esta última parte do texto sitúase no presente polo que estaba xustificada esta aparición. Sen dúbida, o que parecía máis doado de realizar de todas as partes converteríase na máis complicada. O alumnado ten moita experiencia de estar ante a cámara, no escenario,... De facer expresión corporal en definitiva. Pero ao tela tan preto sentíanse intimidados/as e non transmitían absolutamente nada. Foron moitas probas e ensaios ata co resultado quedou máis ou menos decente. Ao final foron capaces de sacar de si mesmos, de crear, de transmitir coa cara unicamente o que o texto lles solicitaba. Gravamos un audio aparte pero deixamos ao final o da cámara. A edición non tivo problemas, aínda que claro aquí o máis saboroso son as tomas falsas.

Material: Cámara de vídeo, focos.

Observacións: A análise deste traballo é unha oportunidade extraordinaria para tratar co alumnado o tema da linguaxe.

Obradoiro 7: Stop Motion. Fotografía. Inicio.



Alumnado de infantil de 3 anos. Catro sesións.


Este taller tiña a máxima dificultade pola idade das alumnas, que eran todas nenas. Os obxectivos que pretendiamos era un achegamento ao concepto de audiovisual, cousa que conseguimos e que necesitaban, e intentar certa reflexión sobre a expresión verbal, que foi difícil pero ao final quedou moi ben.

Ensinámoslles a facer fotos sinxelas e practicaron entre elas. Ao final fixemos as fotos que despois aparecerían na peza. A comprensión do texto e a súa memorización foi un dos aspectos que nos levou máis tempo. Gravamos o texto e despois con stop motion, a peza. Previamente preparáramos a flor e o sol.

Material: Ordenador, cámara de vídeo dixital, cámaras dixitais de fotos, micrófono, gravadora de audio, cartolinas.

Observacións: A esta idade, o máis importante segundo a nosa experiencia é ensinarlles a disociar a realidade do que sae nas pantallas.

Taller 8: Vídeo. O sentido da vista.




Alumnado de educación infantil de 4 e 5 anos. Catro sesións.

Este taller foi moi doado de solucionar e moi axeitado para as intencións e intereses do alumnado. O máis difícil foi transmitirles que pretendiamos facer e para que servía. Despois o tema das cores para eles e elas é moi recorrente e achegaban gran cantidade de ideas. A gravación do audio foi doado e a súa expresividade aínda non está rifada co pudor de idades máis avanzadas. O único que incorporamos nunha posterior fase de edición foi o uso do zoom que nos parecía que podía dar certa intensidade, aínda que despois vendo o mediocre que queda está técnica tal vez se podía considerar como un erro. A edición correspondeu neste caso completamente a nós aínda que lles explicamos cal era o proceso e achegaron ideas e reflexións.

Material: cartolina, cores, cámara de vídeo, gravadora de audio, micrófono.

Observacións: Destacar a motivación e naturalidade con que nestas idades se achegan e participan neste tipo de traballos.

Taller 9. Audio. O sentido do oído.



Alumnado de primeiro ciclo de primaria. Catro sesións.

Foi doado decidir que esta parte fariámola só con audio e que nos centrariamos en crear unha atmosfera que puidese transmitir o que pode escoitar un bebé dentro do ventre da nai. Fixemos moitas probas despois de interpretar moitas veces o texto. O alumnado tiña experiencia xa que fixeramos algunhas actividades de radio, pero de todas maneiras tivemos que practicar moito. Como neste taller iamos moi ben de tempo estivemos practicando un pouco co programa de edición de audio. A decisión de incluír o granulado na imaxe foi posterior, na fase de edición.

Material: Gravadora, micrófono, instrumentos.

Observacións: O traballo de expresión oral a estas idades en que están empezando a ler parécenos dunha gran pertinencia. Con moitas posibilidades de mellorar no aspecto creativo.

Por último, habería que referir ca decisión de incluír os latexos do corazón e a nana, foi unicamente nosa, do profesorado, na última fase de edición. Parecíanos suxestivo e daba un ambiente propio para a historia que estabamos contando. Ademais puxémonos en contacto coa editorial e coa escritora que se mostraron encantadas ante a elaboración deste traballo.

Futuro

Seguimos pensando cas experiencias artísticas e creativas na escola deben formar parte importante da formación integral do alumnado e incluso do profesorado. Temos unha boa metodoloxía e unha organización escolar que nos ilusiona e en que queremos todos/as seguir traballando.

Seguimos pensando que o tratamento das TIC e do fenómeno audiovisual nas aulas debe ser cada vez máis importante, xa que supón o soporte máis habitual que utilizamos para divertirnos, informarnos e agora tamén, relacionarnos. Ser cada vez máis críticos, supón entender o formato, saber e poder crear.

Seguimos pensando co coñecemento das novas tecnoloxías é fundamental, non

podemos aillar, relegar, tratalas con medo. Debemos advertir dos riscos, pero debemos ensinar a utilizalas con responsabilidade.

Polo tanto temos proxecto e temos obxectivos que cumprir, polo que o futuro, será seguir mellorando metodoloxicamente, aprendendo tecnicamente, e creando xunto ao alumnado. O tratamento da educación artística desta maneira no centro está consolidada e necesitamos agora reflexión e mellora. A elaboración desta memoria tamén contribúe a estes obxectivos.

MECANISMOS DE COORDINACIÓN

Temos que destacar co feito de estar dous docentes dirixindo este tipo de actividades resulta dun gran enriquecemento persoal e profesional. Sería moi difícil de levar a cabo este obradoiro por unha soa persoa, xa que hai momentos en que o traballo por grupos pode ser mellor dirixido, reparto de roles, etc; pero sobre todo porque o pensamento diverxente, a creatividade, en moitas ocasións, está no diálogo construtivo e razoado.

A dificultade para atopar tempos para organizar o traballo é importante, xa que require dunha gran preparación. O reparto de tarefas é fundamental para as distintas fases do proceso.

Bibliografía citada

- ✓ Acaso, María (2006) Estas no son las torres gemelas. Madrid: Los libros de la catarata.
- ✓ Efland, Arthur, Freedman, Kerry y Sthur, Patricia (2003) La educación el arte postmoderno. Barcelona: Paidós.
- ✓ Hernández, Fernando (2007) Espigador@s de la cultura visual. Barcelona: Octaedro.
- ✓ Marfil, Rafael (2008) <<Estrategias para la educación audiovisual>>. *Cuadernos de comunicación*, 2, 91-107.
- ✓ Martin, Sylvia (2008) Videoarte. Köln: Taschen
- ✓ Montoya, Normanda (2005) La comunicación audiovisual en la educación. Madrid: Laberinto.

conoutramirada@blogspot.com